



Guía Docente			
Datos Identificativos			2019/20
Asignatura (*)	Literatura e Xénero (Ámbito Galego-Portugués)	Código	613584118
Titulación			
Descriptores			
Ciclo	Período	Curso	Tipo
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa
Idioma	Galego		
Modalidade docente	Presencial		
Prerrequisitos			
Departamento	Letras		
Coordinación	Fernandez Perez-Sanjulian, Carme	Correo electrónico	carme.fernandez.perez-sanjulian@udc.es
Profesorado	Fernandez Perez-Sanjulian, Carme	Correo electrónico	carme.fernandez.perez-sanjulian@udc.es
Web	http://www.udc.es/filo/MLCD.html		
Descripción xeral	Estudo da aplicabilidade do paradigma dos estudos de xénero á análise da sociedade e das súas manifestacións culturais e artísticas, en particular ao caso dos sistemas literarios galego e de lingua portuguesa. Na sección de contidos figuran os temas específicos que serán tratados na materia.		

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título	
Coñecer, comprender e saber avaliar críticamente unha parte dos discursos teóricos que reflexionan sobre obras relevantes da literatura galega desde unha perspectiva de xénero.	AM1 AM2 AM4 AM6 AM8	BP2 BP3 BP4 CM2 CM3 CM4 CM5
Desenvolver a capacidade de participar con precisión de pensamento e expresión (tanto oralmente como por escrito) nos debates propios destes estudos.	AM2 AM4 AM5 AI2 BP7	BM3 BP1 BP2 CM1 CM2 CM5 CM6
Realizar análises de textos literarios a partir dos marcos teóricos definidos na materia.	AM1 AM4 AM5 AM6 AM8 AI1 AI2	BP2 BP3 BP7 CM4 CM5 CI1
Ser quen de desenvolver investigacións avanzadas no análise dos textos literarios, desde un enfoque orixinal e creativo	AM1 AM2 AM4 AM5 AM8 AI1 AI2 AI3	BP2 BP3 BP5 CM1 CM2 CM5 CM6 CI1



Contidos	
Temas	Subtemas
1. A institución literaria e as mulleres escritoras, unha relación problemática	1.1. Construcción autorial, visibilidade e recoñecemento institucional: unha ollada diacrónica
2. Narrativa galega de autoría feminina e reflexión sobre a(s) identidade(s) de xénero	2.1. Escrita do eu e representación da subalternidade feminina: Xohana Torres, "Adiós, María"; 2.2. Reescrita feminista e problematización das identidades de xénero: de María Xosé Queizán a María Reimóndez.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Lecturas	A1 A2 A5 A6 A14 A8 B5 B7 B10 B3 C2 C3 C5	2	20	22
Sesión maxistral	A1 A4 A6 A8 B5 B6 B8 B10 C6	6	6	12
Traballos tutelados	A13 A1 A2 A4 A5 A6 A14 A8 A12 B4 B6 B8 B10 B3 C1 C7 C5 C6	0	16	16
Obradoiro	A13 A1 A2 A4 A5 A6 A14 A8 A12 B6 B8 B10 B3 C1 C4 C7 C6	6	8	14
Eventos científicos e/ou divulgativos	A1 A2 A5 A6 A8 B5 B6 B7 B8 C4 C7 C5	3	6	9
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descripción
Lecturas	Será preciso realizar para cada sesión e nos prazos determinados unha serie de lecturas básicas. Estas serán avaliadas a través dos comentarios e das intervencións do alumnado na aula e no encontro científico.
Sesión maxistral	Exposición da profesora co fin de introducir o contexto teórico e cultural do tema correspondente, así como os fundamentos teóricos e metodológicos da materia.
Traballos tutelados	Cada estudiante terá que realizar un traballo final obligatorio sobre algún aspecto relacionado co temario, que terá o formato dun breve ensaio e cuxo tema e orientación requirirán o visto e prace da profesora en sesións de seguimento.
Obradoiro	Nas sesións presenciais alternaranse as leccións maxistrais coas sesións interactivas, nas que a participación do estudiantado será fundamental. Levaranse a cabo actividades de diverso tipo: discusións dirixidas, comentario de textos. Todas elas terán como punto de partida fundamental as lecturas indicadas previamente pola profesora.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Ao longo do curso será recibido un/unha investigador/a externo cuxa visita será preparada colectiva e individualmente para realizarmos un encontro científico fructífero.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descripción



Obradoiro	A profesora encargarase de recibir e asesorar o alumnado en todas as cuestións que lle formular; ao tempo tratará en todo momento lle facer as observacións, indicacións puntuais bibliográficas, etc que puideren ser do seu interese.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Esta atención personalizada también está contemplada para el alumnado a tiempo parcial y con dispensa académica reconocida, así como para el estudiantado matriculado para examinarse en la oportunidad adiantada de diciembre.
Lecturas	
Sesión maxistral	
Traballos tutelados	

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Obradoiro	A13 A1 A2 A4 A5 A6 A14 A8 A12 B6 B8 B10 B3 C1 C4 C7 C6	Valorarse a participación activa nas distintas actividades que se desenvolvan na aula: discusión dirixida, análise e comentario dos textos propostos, etc.	20
Eventos científicos e/ou divulgativos	A1 A2 A5 A6 A8 B5 B6 B7 B8 C4 C7 C5	O alumnado deberá participar activamente con preguntas e/ou reflexións no encontro co/a investigador/a invitado/a.	10
Lecturas	A1 A2 A5 A6 A14 A8 B5 B7 B10 B3 C2 C3 C5	As lecturas serán avaliadas a través dos comentarios e das intervencións do propio alumnado na aula e no encontro científico.	10
Traballos tutelados	A13 A1 A2 A4 A5 A6 A14 A8 A12 B4 B6 B8 B10 B3 C1 C7 C5 C6	O traballo final obligatorio consistirá na elaboración dun breve ensaio orixinal (ou, alternativamente, na exposición oral dese traballo) que versará sobre un aspecto relacionado cun punto do programa. Valorarse fundamentalmente a profundidade e o rigor da investigación e a claridade expositiva e expresiva.	60

Observacións avaliación



1. OBSERVACIÓN XERAIS DE AVALIACIÓN

1.1. Para superar a materia, o alumnado deberá conseguir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos no conxunto de actividades que componen a avaliación.

1.2. O alumnado terá que entregar os traballos e actividades no prazo fixado.

1.3. Todas as actividades deberán cumplir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal...). As deficiencias lingüístico-expositivas serán penalizadas na cualificación.

2. AVALIACIÓN DA SEGUNDA OPORTUNIDADE (XULLO)

Na 2.ª oportunidade o alumnado será avaliado cos mesmos criterios que na oportunidade anterior, áínda que con certa variación sobre as porcentaxes xa que non se poderán ter en conta as actividades de carácter presencial (Obradoiro e participación en eventos científicos). Así, para superar a materia, terá que realizar unha "Proba mixta" para avaliar as lecturas (40%) e presentar o "Traballo tutelado" (60%).

3. AVALIACIÓN DA OPORTUNIDADE ADIANTADA DE DECEMBRO

Nesta oportunidade adiantada cada alumno/a será avaliado/a mediante unha "Proba mixta", que suporá o 40 % da cualificación final e que terá lugar na data oficial marcada pola Facultade de Filoloxía, e un "Traballo tutelado" puntuábel nun 60% que deberá ser presentado no mesmo día do exame.

4. CUALIFICACIÓN DE NON PRESENTADO/A

Considerarase como NON PRESENTADO/A o/a alumno/a que non entregue o traballo final obrigatorio ou non realice a proba escrita.

5. ALUMNADO A TEMPO PARCIAL E CON DISPENSA ACADÉMICA

O alumnado matriculado a tempo parcial e con dispensa académica de exención de asistencia concedida deberá pórse en contacto co profesorado da materia no inicio do curso académico para planificar, en cada situación concreta, os axustes necesarios na avaliación no tocante ás actividades presenciais (que serán substituídas por outras non presenciais equivalentes). Así mesmo, aquel alumnado que xustifique a imposibilidade de asistir ás aulas debe tamén contactar co profesorado responsable.

7. OUTRAS PRECISIÓN

Todas as actividades ou probas deberán cumplir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal?); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación, segundo o documento "Exixencias mínimas de corrección lingüística" (aprobado pola Sección de Galego-Portugués o 6/7/2018 e pendurado en Moodle).

Os traballos presentados polo alumnado poderán ser incorporados ao Turnitin, ferramenta para a detección do plaxio así como de traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades, incluso polo mesmo/a alumno/a. En caso de que se produza algúna destas circunstancias, poderán ser aplicadas as medidas contempladas nas Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da Universidade da Coruña (artigo 14.4).

Fontes de información



Bibliografía básica	Armas García, C. M ^a (2002): As mulleres escritoras (1860-1870). O xenio de Rosalía (Santiago: Laioveneto).Blanco, C. (1991): Literatura galega da muller (Vigo: Xerais). Blanco, C. (1995): O contradiscurso das mulleres (Vigo: Nigra). Forcadela, M. / Noia, C. (coords.) (2011): Cara a unha poética feminista : homenaxe a María Xosé Queizán (Vigo: Xerais). García Fonte, M ^a Anxos (2011): A construcción da identidade de xénero na narrativa galega da segunda metade do século XX (Tese de doutoramento, Universidade da Coruña).García Negro, M ^a P. (2010): O clamor da rebeldía: Rosalía de Castro, ensaio e feminismo (Santiago: Sotelo Blanco). García Negro, M ^a P. / Rodríguez Sánchez, F. (1996): ?Literatura feminina e feminista da segunda metade do século XIX?, en VV. AA.: Historia da Literatura Galega: 351-384 (Vigo: AS-PG/ A Nosa Terra). Garrido, A. (2015): "Las chicas raras no tienen voz", Itinerarios 21, 183-198.González Fernández, H. (2005): Elas e o paraugas totalizador (Vigo: Xerais). González Fernández, H. (2009): Género y nación: la construcción de un espacio literario (Barcelona: Icaria).March, K. N. (1994): De musa a literata: el feminismo en la narrativa de Rosalía de Castro (Sada: O Castro). Pena Presas, Montse (2018): Feminismos e literatura infantil e xuvenil en Galicia (Santiago: Laioveneto).Rodríguez Rodríguez, M.(2013): Feminismo e innovación en la narrativa gallega de autoría femenina: Xohana Torres, María Xosé Queizán, Carmen Blanco y Teresa Moure (Lewiston : Edwin Mellen Press). Reimóndez, M. (2018): "Silencios que non son: o continuum lesbiano nas narradoras galegas", en Boguszewicz, M. et alii, Identidade(s) e xénero(s) na cultura galega: unha ahega interdisciplinaria: 167-194 (Varsovia: Universidade de Varsovia).Rodríguez Sánchez, F. (2011): Rosalía de Castro, unha estranxeira na súa patria (Santiago: AS-PG). Suárez Briones, B. / Martín Lucas, M ^a B. / Fariña Busto, M ^a J. (eds) 82000): Escribir en femenino. Poéticas y políticas (Barcelona: Icaria). Vilavedra, D. (2018): "Singularidades da articulación socio-discursiva da narrativa galega de autoría femenina", en Boguszewicz, M. et alii, Identidade(s) e xénero(s) na cultura galega: unha ahega interdisciplinaria: 87-114 (Varsovia: Universidade de Varsovia).VV. AA. (1987): Festa da palabra silenciada, 4 (monográfico Xohana Torres) Obras de lectura obligada: Xohana Torres: Adiós, MaríaM ^a Xosé Queizán: A semellanzaMaría Reimóndez: A música dos seres vivosA profesora entregará, na aula e/ou a través da plataforma Moodle, unha selección de textos literarios e críticos que o alumnado deberá ler nos prazos estipulados.
Bibliografía complementaria	Durante o curso proporcionarase más bibliografía específica.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Para calquera dúbida, poden pórse en contacto coa profesora, persoalmente en horario de atención ao alumnado, ou concertando cita previa no endereço electrónico: carme@udc.gal

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías